

LETRAS GALEGAS '06



Lugrís Freire no día de ingreso de Castelao na Academia (25-VII-1934).

Manuel Lugrís tivo o merito, entre moitos outros que nestas datas se lembrarán abondo e que polo mesno non imos repetir aquí, de ser pioneiro en diversas facetas: fundar e dirixir *A gaita gallega* (1885-1889), primeiro xornal americano totalmente redactado en galego; ser o primeiro en utilizar nun mitín a lingua galega..., e tamén o de elaborar e publicar a primeira gramática galega escrita en galego.

Veu esta a luz na Coruña, en 1922, e vén sendo a cuarta descrición gramatical do galego moderno, continuadora das de Mirás (1864), Saco y Arce (1868), Valladares (1892) -pero inédita ata 1970, en que a publicou Galaxia- e Carré Alvarellos -(1919), publicada co pseudónimo R. A.-. Nela engade, á marxe gramatical, o que indica na subtitulación: “Esta obra leva como aditamento os nomes de persoa, toponimia, meses e días, denominación dos ventos, táboa de castelanismos, mostras literarias e vocabulario galego-castelán”. Despois desta gramática, e trala Guerra Civil, non volverá a aparecer outra ata que en 1966 Carballo Calero -outra das figuras egraxias da nosa cultura- publique a coñecida *Gramática elemental del gallego común*.

Pouco espazo temos aquí para pormenorizar a súa contribución gramatical á historia da lingua, pero si que podemos recomendar a lectura do traballo que Fernández Salgado publicou no *Anexo 47 da revista Verba* (2000): “Os rudimentos da lingüística galega: un estudio de textos lingüísticos galegos de principios do século XX (1913-1936)”. Baseado na súa tese de doutoramento, investiga a función histórica do estudo da lingua dentro dos movementos rexionalista e nacionalista dos comezos do século XX.

Nese traballo establécense dúas proposicións: unha, que nesa época adquire a lingua un rol social e político esencial dentro do discurso ideolóxico do galeguismo; outra, que o interese deses textos lingüísticos só pode avaliarse no contexto histórico en que se conformaron: a ideoloxía nacionalista.

Nos inicios dese período o galego era considerado dialecto ou idioma, indistintamente, para, pouco a pouco, ir rexeitándose a primeira denominación, e para, ao final do mesmo, ser declarado lingua cooficial no Estatuto de Autonomía de 1936 (en cuxa redacción Lugrís participou).

O libro de Fernández Salgado, no terceiro capítulo, trata os rudimentos gramaticais aparecidos no período. Primeiro presenta unha perspectiva xeral da breve tradición gramatical galega, e logo repasa os textos aparecidos como tales gramáticas: o *Compendio de Gramática Galega* de R. A.

(1919) e a *Gramática do Idioma Galego* de Lugrís (1922). A atención céntrase en cómo os dous autores organizan os contidos lingüísticos e tratan a clasificación e definición das partes do discurso nas súas análises gramaticais. Ten o mérito de facer unha aproximación de tipo contextual ás obras e aos autores, utilizando a metodoloxía histórica e comparativa, contrastando as obras con traballos contemporáneos e anteriores. E así é como debe valorarse e avaliarse obxectivamente a gramática de Lugrís, pois se a descontextualizamos caeremos no erro en que caeu algún crítico ao quitarlle todo mérito científico, pois para a súa época e as súas circunstancias pouco máis se podería pedir, e realmente nada máis foi feito.

Por estas razóns, á marxe das moitas que nestes días leremos e escoitaremos, podemos considerar que foi un acerto escoller este ano (en que a RAG cumpre os seus primeiros cen anos) a Lugrís como homenaxeado, pola súa destacada e decidida contribución á defensa e promoción da lingua.

Memoria do lingüísta

A primeira gramática galega escrita en galego

XOSÉ FEIXÓ

Xustificacións

No limiar da súa gramática (“Unhas palabras do autor”), explica Lugrís que despois da importancia acadada pola literatura galega na metade do século XIX (Rosalia, Curros, Pondal..., o Rexurdimento), e o pulo acadado pola lingua, e dado que consideraba a gramática de Saco e Arce como dialectal e as notas fonéticas e morfolóxicas de García de Diego, aparecidas na súa *Gramática histórica*, eran incompletas, había a clara necesidade dunha gramática galega que sintetizase os coñecementos ata aí consolidados para darlle á lingua unha base sobre a que establecerse e medrar.

E acometeu ese labor como deber, e así apareceu en 1922 a primeira gramática galega escrita na propia lingua, como xa era mester.

Ao final dese limiar explicita claramente o porqué dese deber, que podemos facer extensivo para toda a súa obra e para toda a súa vida:

“Eu, vello soldado da santa e xusta causa, que no alborear da mocidade xurei solenemente defendel-a súa bandeira, quero chegar de xionllos cabo do altar celta, e nel pór esta ofrenda á aquilo que foi, e será sempre, luz que me guiou e deu alento nos amargurados días da miña vida”.

Unha ofrenda gramatical á causa, axeonllado ante o seu altar. Así entendía Manuel Lugrís Freire a súa loita. Desas ofrendas, das ofrendas anteriores e das sucesivas, e sobre todo das ofrendas que fagamos no presente, dependerá, na práctica, o noso futuro e o futuro da nosa lingua.

O exemplo de Lugrís, nestas Letras Galegas, é un acerto pleno. Benzón.

Ora ben, tivo o noso homenaxeado a enorme desgraza de vivir os seus derradeiros anos do peor xeito posible ideoloxicamente, tal e como xa expuxemos. Agora, nada mellor que o triunfo dos seus ideais, e que non se repita a Historia.